Concello de Pontecesures
Avda. de Vigo, 2 – 36640
Pontecesures (Pontevedra)
Telf. 986.557.125
www.pontecesures.org

CAMPAMENTO DE NADAL
Pontecesures 2026

BASES

1. A LUDOTECA DE NADAL é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e cativas, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. A LUDOTECA DE NADAL está **DIRIXIDA** a nenas e nenos con idades comprendidas entre 3 e os 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase os días **21, 22, 23, 24, 28, 29, 30, 31, de decembro de 2025– 4 e 5 de xaneiro de 2026** nas instalacións do Anexo do Pavillón Municipal de Pontecesures situado no Camiño Infesta, 32 – Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO**

Nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (ambos inclusive) atendendo aos seguintes criterios e pola orde que na que se expoñen:

- Terán preferencia os/as solicitantes empadroados no Concello de Pontecesures. No caso de quedar prazas sen cubrir, atenderanse solicitudes de usuarios/as non empadroados/as.
- FAMILIAS MONOPARENTAIS e FAMILIAS NUMEROSAS (situación que deberá ser acreditada mediante certificación oficial)
- As persoas (nais, pais ou titores legais) que acrediten ter NECESIDADES DE CONCILIACIÓN DEBIDO Á SITUACIÓN LABORAL mediante declaración responsable na que se indicarán: contratos laborais, vida laboral e/ou certificado de empresa que reflicta os horarios de traballo.

En caso de empate nas puntuacións, resolverase segundo a renda *per cápita* da unidade familiar, que se calculará tendo en conta os datos do IRPF do 2025, tendo preferencia aquelas unidades familiares coas rendas máis baixas.

Concello de Pontecesures
Avda. de Vigo, 2 – 36640
Pontecesures (Pontevedra)
Telf. 986.557.125
www.pontecesures.org

As situacións manifestadas na devandita declaración responsable (contratos, certificados de empresa, situacións de familias monoparentais ou numerosas, ingresos e xustificantes de empadroamento) poderán ser requeridas polo Concello de Pontecesures a efectos de comprobación.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 45 prazas. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 10 solicitudes.

7. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE**.

A solicitude de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición** e **declaración responsable** (**Anexo I**) e aportando, de ser o caso, a documentación que se require en dita solicitude a cal poderán descargar a través da *páxina web* co Concello (https://pontecesures.gal/) ou recoller nas oficinas do Concello. Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

Aquelas familias teñan presentado correctamente toda a documentación requirida para solicitar praza no servizo de Campamento de Verán 2026 e manteñan as mesmas circunstancias, **non** terán que voltar a facelo, quedando obrigadas a presentar únicamente a solicitude de inscrición, autorizacións e declaración responsable contidas (Anexo I).

8. **PRAZO DE INSCRICIÓN**.

O periodo para solicitar praza no CAMPAMENTO DE NADAL abrirase o **día 9 de novembro ás 9:00 e rematará o 19 de novembro do 2026 ás 14:00 h.**

9. **ACEPTACIÓN DAS BASES.** As persoas que presenten inscrición nesta actividade aceptan todo o contido nas presentes bases.